

ENTROIDO OU CARNAVAL

OS TERMOS MÁIS USADOS



A palabra **entroido** deriva do latín **introitus**, que significa "entrada" ou "comezo" da primavera e do rexurdimento da vexetación. Este termo está conectado co significado pagán desta festa.

A palabra **carnaval** procede do latín **carne-levare** que significaba "abandonar a carne" (máis vinculada ao período de abstinencia que espera ao cristián na Coresma)

En sentido relixioso trátase do triunfo de "don Carnal" sobre "dona Coresma", que reinará nos seguintes corenta días, ata a celebración do Xoves Santo. Pero o Entroido foi deixando pouco a pouco o seu sentido relixioso como festa preparatoria da Coresma, para converterse nun acontecemento cheo de xolda e desenfreo.

O Entroido é unha festa que invita á participación de todos, sen prexuízos nin distincións. O anonimato que proporcionan as máscaras e os disfraces é un dos seus principais atractivos, pois permítelle á xente facer máis cousas que o acostumado. As características comúns destes días son o comer, beber e cantar, rirse do máis sagrado, é dicir, as cousas que non se fan habitualmente.

